

# Editorial

Un moi douto profesor de metafísica do seminario de Mondoñedo, D. José María Bermúdez, tiña gran facilidade e certa tendencia para os discursos moi elocuentes. Por exemplo, podía ceibar nas súas clases parrafeadas coma esta: “Vamos a iniciar el estudio de Heráclito y Parménides, los dos pilares del pórtico del templo de la filosofía por donde entraron Aristóteles y Platón”. Despois dalgúns dos seus discursos era frecuente que os alumnos puxésemos o colofón con un: “¡Bien, Don José María!”

Polo xeral el amosaba a súa gratitud co consabido: “¡Gracias, hijos míos!” Pero algunhas veces quedábase mirando fixamente para algún dos alumnos e espetáballe: “Pero, ¿quién es usted, pobre infeliz, para decirle bien o mal a Don José María?”

Durante moitos anos pensei que aquel profesor tiña razón, porque en boa lei un alumno, en tanto que é alumno, non debería tomarse a licenza de vulgar ao mestre; pero dun tempo a esta banda penso que aquel: “¡Bien, Don José María!”, non era un xuízo senón unha expresión de admiración e polo mesmo de aprobación. Unha especie de aplauso coa palabra.

¿E todo isto que pode ter que ver con este número de CROA?

Pois quizabes non teña moito que ver con CROA, pero algo pode ter que ver con quen recibiu a encomenda de escribir este Editorial. Dunha banda penso: E se eu digo, como creo, que tódolos traballos deste número tamén son de moita calidade, ¿non poderá retrucarme cada un dos seus autores ou autoras: Pero quen es ti, pobre ignorante, para dicirme ben eu mal a min que son especialista na materia?

Con todo, síntome na obriga de dicirlles: “¡Ben!”. Ben a todos e a cada un ou cada unha. E dígolle non como xuízo, senón como admiración rebordante de gratitude.

Detrás de cada colaboración hai horas, moitas horas, de traballo remoto e próximo. Hai horas de estudo, de reflexión, de aprendizaxe e un notable esforzo de divulgación para poñer ao nivel de quen, coma min, somos ignorantes en certas materias aqueles conceptos propios dos especialistas.

Non é esta tarefa doada, nin sempre posible; porque cada especialidade ten tamén a súa linguaxe específica. Por iso é posible que ao longo das páxinas nos atopemos con algún vocábulo que requira consultar un diccionario.

Creemos que tamén este nº 16 resulta rico e variado. Entendemos

que, como se dicía no editorial do nº 11, CROA segue cumprindo os dous obxectivos principais cos que naceu: ser voceiro da Asociación, boletín de intercomunicación entre os membros desta e fiestra que dá saída á luz unha serie de artigos de amplo contido cultural, incidindo especialmente, como é lóxico, nos contidos arqueolóxicos e museísticos.

Non somos os da casa os máis indicados para gabar o que da casa sae; pero si debemos expresar a nosa gratitude a todos e todas os que fixeron posible este número. Neste capítulo entendo que deben entrar tamén os Organismos colaboradores e aquelas persoas das que non aparece a sinatura por ningún lado, pero que tamén fixeron o seu traballo caladiño, eficiente e imprescindible.

Por todo iso, tómome a liberdade de, no nome da Asociación e de cantos poidan beneficiarse desta publicación, dicir un: ¡¡Graciñas!! moi amplo e sincero.

Tamén quixeramos aproveitar para deixar constancia da adhesión desta Asociación aos actos de homenaxe a Manolo Vila, un dos primeiros socios e loitador infatigable en tantas fronteas humanitarias e culturais, especialmente en todo o relacionado coa Terra Chá.

**Estando no prelo este Boletín, produciuse o pasamento de Emilio Sinde Nieto, Presidente de Honra da nosa Asociación, que tanto ben fixo polo Castro e o Museo de Viladonga e por esta mesma Asociación. O seu traballo a prol da cultura chairega e en favor da historia e do futuro de Castro de Rei quedará sempre entre nós como un exemplo a seguir. *Non cum corpore extinguuntur magnae animae.***